

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luís Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DA CIDADE

1. GABINETE DE ALCALDÍA E OFICINA DE PRENSA.- Acórdase a aprobación do plan de medios municipal 2024-2027.

2. LICENZAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para reparación de humidades e obras varias no Arquivo Histórico Municipal, sito na rúa Cambria, solicitada polo Ministerio de Cultura e Deporte-Secretaría General de Cultura y Deporte (Exp. 2023/Y001/000193).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación do servizo de mantemento e conservación de vías públicas da zona urbana do Concello de Lugo (Exp. Ref. 2023/C003/000036).

Tamén se acorda a resolución definitiva do contrato de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais do Concello de Lugo (mecánica completa para vehículos de obras, servizos e dúmpers). Exp. 2022-C003-000025.

Acórdase a adxudicación do lote 2 da contratación dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais (lote 1: mecánica para camións e lote 2: mecanizado todos os vehículos municipais). Exp. Ref. 2024/C003/000002.

Tamén se acorda a aprobación do procedemento de licitación convocado polo Concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac814489291689390148.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-3-2024

instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais. Exp. Ref. 2024/C013/000002.

Acórdase a incoación do expediente de resolución do contrato do servizo de reprografía do Arquivo Municipal de Lugo. Exp. 2023/C003/000021.

4. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio de cooperación educativa entre a Universidad Internacional de La Rioja-UNIR e o Excmo. Concello de Lugo.

5. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de traballador/a social pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2023).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 4 prazas de ordenanza pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 1 de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022), 1 en quenda de acceso libre (OEP 2022) e 2 en quenda de acceso libre (OEP 2023).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2023).

Tamén se acorda a adquisición do compromiso de incorporación dunha praza de celador/a CEIP na próxima oferta de emprego público para o ano 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación das bases xerais polas que se regula a autorización do uso en precario de locais e instalacións no centro CEI-NODUS a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que contribúan á dinamización económica do municipio para o desenvolvemento dos seus programas e/ou actividades.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.